

MEMORIA ANUAL DO ANO 2025 DO CONSELLO REGULADOR DA AGRICULTURA ECOLÓXICA DE GALICIA

(Segundo o artigo 19 do decreto 4/2007 de 18 de xaneiro polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores)



1. IDENTIFICACIÓN


1.1 Resumo do informe

O Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA) presenta unha nova memoria de actividades, correspondente neste caso ao ano 2025. A superficie certificada reverte a tendencia do ano anterior e increméntase nun 2,68 %. O número de rexistros inscritos acadá os 1.507 operadores atendendo o número de rexistros e 1.278 atendendo o NIF.

1.2 Superficie inscrita (ano 2025)

1.2.1. Superficie inscrita por provincia



	Superficie 2024 (ha)	Superficie 2025 (ha)	Variación (ha)	% Variación
LUGO	21.440,08	21.331,82	-108,26	-0,50 %
PONTEVEDRA	1.961,76	2.042,25	80,49	4,10 %
OURENSE	16.854,40	17.426,43	572,03	3,39 %
A CORUÑA	5.203,01	5.876,83	673,82	12,95 %
GALICIA	45.459,25	46.677,32	1.218,07	2,68 %



A superficie en agricultura ecolóxica no ano 2025 increméntase ata as 46.677,32 ha certificadas, un crecemento do 2,68 % respecto no exercicio anterior. A provincia da Coruña é a provincia na que máis medra a superficie, cun crecemento do 12,95 %.

Nesta táboa amósase a superficie en primeiro ano de prácticas e conversión.


	Superficie certificada A.E.	Superficie conversión	Superficie 1º ano	Superficie 2025 (ha)	Superficie 2024 (ha)
LUGO	20.557,53	547,00	227,28	21.331,82	21.440,08
PONTEVEDRA	1.873,47	117,13	51,65	2.042,25	1.961,76
OURENSE	16.803,08	489,79	133,56	17.426,43	16.854,40
A CORUÑA	4.862,32	879,52	135,00	5.876,83	5.203,01
GALICIA	44.096,41	2.033,43	547,49	46.677,32	45.459,25



1.3 Evolución do número de inscritos e da superficie certificada (desde 1997)





Ano	Produtores	Elaboradores*	Total operadores	Superficie inscrita (ha)
1997	7	4	11	13,35
1998	34	9	43	173,84
1999	67	16	83	181,85
2000	97	18	115	265,00
2001	192	25	217	1.974,36
2002	230	32	262	3.585,31
2003	282	40	322	5.947,68
2004	314	47	361	6.725,60
2005	370	55	425	9.156,36
2006	396	60	456	9.623,46
2007	407	65	472	10.985,03
2008	445	64	510	12.895,37
2009	469	78	547	14.239,01
2010	484	89	573	14.167,74
2011	484	102	586	15.302,93
2012	491	116	607	15.242,40
2013	523	133	656	15.670,85
2014	554 / 528*	149 / 110*	703 / 638*	15.233,10
2015	626 / 558*	171 / 163*	797 / 721*	20.306,36
2016	751 / 701*	194 / 158*	945 / 859*	27.716,74
2017	828 / 745*	239 / 190*	1.067 / 935*	31.915,96
2018	865 / 772*	287 / 218*	1.152 / 990*	33.736,44
2019	878 / 784*	304 / 234*	1.182 / 1.018*	34.738,12
2020	972 / 875*	338 / 249*	1.310 / 1.124*	32.055,77
2021	996 / 899*	354 / 273*	1.350 / 1.172*	32.208,98
2022	1.142 / 1.027*	364 / 273*	1.506 / 1.300*	45.626,82
2023	1.172 / 1.047*	380 / 270*	1.552 / 1.318*	46.967,01
2024	1.134 / 1.016*	392 / 265*	1.526 / 1.281*	45.459,25
2025	1.117 / 1.005*	390 / 273*	1.507 / 1.278*	46.677,32

(*) As cifras aparecen diferenciadas por número de inscritos e tamén por NIF, esixencia esta última que vén imposta polo Mapa desde 2014.



O número de operadores por NIF apenas varía, diminúe en 3, pasando de 1281 a 1278. Os produtores diminúen en 11 e os elaboradores aumentan en 8. Por rexistros, a distribución é como segue:

Tipo de produción	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Produción animal	80	314	98	37	529
Produción vexetal	98	141	74	115	428
Acuícultura	10	0	0	137	147
Recolleita de algas	3	0	0	10	13
Total produtores	191	455	172	299	1.117
Comercializador	34	19	18	43	114
Importadores	14	4	4	12	34
Elaboradores	61	66	40	75	242
Total Elab./Comerc.	109	89	62	130	390
Totais	300	544	234	429	1.507



Analizando os operadores por rexistros e por provincias, Ourense aumenta en 2 o número de operadores. Lugo perde 2, Pontevedra perde 8 a A Coruña perde 9 respecto 2024.


Respecto dos tipos de operadores por produto, a produción acuícola experimenta un decrecemento do 0,7 %, pasando de 148 a 147, a produción vexetal redúcese nun 5,5 %, pasando de 453 a 428, e a gandería gaña un 1,7 %, pasando de 520 a 529 operadores. A colleita de algas permanece invariable. Os elaboradores retroceden un 1,2%, incrementándose o número de comercializadores e importadores e decrecendo o de elaboradores.

2. PRODUCCIÓN

2.1 . Evolución do volume de negocio e produción certificada en orixe 24-25.

a) Producción do ano 2025.

Produtos	V. de negocio (€)
Aceites	4.371.283,47 €
Bosque e colleita silvestre	1.811.137,06 €
Carnes e derivados	15.656.883,41 €
Cereais	6.995,04 €
Conservas de pescado	8.970.480,26 €
Conservas vexetais	351.280,18 €
Froiteiros	3.889.497,86 €
Hortalizas	2.958.151,00 €
Leite e derivados	38.656.836,80 €
Outros elaborados	22.210.188,55 €
Ovos e derivados	6.816.363,55 €
Panificación	2.056.441,51 €
Pensos e alimentación animal	3.738.946,08 €
Produtos apícolas	1.134.973,71 €
Viños, licores, sidras e vinagres	2.542.149,21 €
Tubérculos	92.626,29 €
Acuicultura e colleita de algas	3.181.156,05 €
Total	118.445.390,03 €




b) Cadro comparativo ano 2025 e 2024.

Produtos	Valor 24 en €	Valor 25 en €	Diferenza	%
Aceites	3.875.455 €	4.371.283 €	495.829 €	12,79 %
Bosque e colleita silvestre	1.666.080 €	1.811.137 €	145.057 €	8,71 %
Carnes e derivados	15.552.786 €	15.656.883 €	104.098 €	0,67 %
Cereais	27.646 €	6.995 €	-20.651 €	-74,70 %
Conservas de pescado	9.895.225 €	8.970.480 €	-924.744 €	-9,35 %
Conservas vexetais	566.428 €	351.280 €	-215.147 €	-37,98 %
Froiteiros	3.854.033 €	3.889.498 €	35.465 €	0,92 %
Hortalizas	3.046.346 €	2.958.151 €	-88.195 €	-2,90 %
Leite e derivados	37.992.593 €	38.656.837 €	664.244 €	1,75 %
Outros elaborados	16.206.765 €	22.210.189 €	6.003.424 €	37,04 %
Ovos e derivados	5.924.986 €	6.816.364 €	891.378 €	15,04 %
Panificación	1.603.403 €	2.056.442 €	453.039 €	28,25 %
Pensos e alimentación animal	3.761.634 €	3.738.946 €	-22.688 €	-0,60 %
Produtos apícolas	1.499.247 €	1.134.974 €	-364.273 €	-24,30 %
Viños, licores, sidras e vinagres	3.051.291 €	2.542.149 €	-509.142 €	-16,69 %
Tubérculos	111.834 €	92.626 €	-19.208 €	-17,18 %
Acuicultura e colleita de algas	2.685.757 €	3.181.156 €	495.399 €	18,45 %
Totais	111.321.508 €	118.445.390 €	7.123.882 €	6,40 %


No ano 2025 produciuse un crecemento na cantidade total da produción certificada en 7,12 millóns de euros, cun forte crecemento da partida doutros elaborados.

Agrupando por tipo de produto en función da materia prima principal, a produción animal ten o maior peso con máis do 50 % do volume total, seguida da produción vexetal cun 37 %, e a produción acuícola e as algas cun 10 %.


Ano	2025	2024	Diferenza	% variacion	% sobre total
Produc. animal	62.265.057 €	60.969.612 €	1.295.446 €	2,12 %	52,57 %
Produc. vexetal	44.028.696 €	37.770.915 €	6.257.781 €	16,57 %	37,17 %
Produc. acuícola e algas	12.151.636 €	12.580.981 €	-429.345 €	-3,41 %	10,26 %
Totais	118.445.390 €	111.321.508 €	7.123.882 €	6,40 %	



Provincia	2025	2024	% variación €	Peso por provincia
A CORUÑA	30.872.955 €	31.353.611 €	-2 %	26 %
LUGO	42.658.286 €	42.238.784 €	1 %	36 %
OURENSE	18.187.012 €	16.584.953 €	10 %	15 %
PONTEVEDRA	26.727.138 €	21.144.160 €	26 %	23%
GALICIA	118.445.390 €	111.321.508 €	6 %	100 %



% certificación por provincia ano 2025



■ A Coruña ■ Lugo ■ Ourense ■ Pontevedra

As provincias de Pontevedra e Ourense experimentan un crecemento da produción certificada de dous díxitos: 26 % e 10 %, respectivamente. A provincia de Lugo crece un 1 % e a da Coruña decrece un 2%.